



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de marzo de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Página	1/73



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de marzo de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE REALIZACIÓN DE AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, CORRESPONDENTE OS EXERCICIOS 2023 E 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Vista a acta da mesa de contratación do día 6 de marzo de 2025, na que se recolle o seguinte:

“*Antecedentes.*

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VZTP4DYM4SRBSAZVXHZSO4E.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7VZTTKPR6TXLX4YQXWD3R654.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7VZTP5BI4NXZH4Y4TER3B6I.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7V2HTIZVV5T7N2YD7HIM2AJ4.
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7HYIDLBR73LXOYUA5EOETCB4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7V3X7LBMILLJB2CIUVMIDEMY.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7V3UAL3JJ5TC6SSEVELZBSC4.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 31 de xaneiro de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7VEH2KPDVCVHWSXQUMOPQX4I.
9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 4 de febreiro de 2025.
10. Acta da Mesa de Contratación do día 19 de febreiro de 2025, con CSV: IV7VHXSMIDIPMIVF464YHNZJHA4, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	2/73





Licitadores.

BM Neira Auditores, SLP
BS Audit
EPG Auditores SLP
GNC Audit & Consultancy SL
Interpraudi Auditores y Consultores, S.L.P.
Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P.

A documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA (base imponible)	REDUCCIÓN PRAZO ENTREGA
BM NEIRA AUDITORES, SLP	6.400,00	5
BS AUDIT	4.690,00	5
EPG AUDITORES SLP	8.087,00	5
GNC AUDIT & CONSULTANCY SL	6.080,00	5
INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	4.799,98	5
SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	3.000,00	5

Faise constar que durante a apertura das ofertas, na da mercantil EPG Auditores SLP, detéctase erro aritmético no cálculo do IVE e polo tanto na suma total, polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa ten en conta a base imponible reflectida no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla Leon- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

De seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTUACIÓN OFERTA	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA	PUNTUACIÓN TOTAL
BM NEIRA AUDITORES, SLP	44,53	5	49,53
BS AUDIT	60,77	5	65,77
EPG AUDITORES SLP	35,24	5	40,24
GNC AUDIT & CONSULTANCY SL	46,88	5	51,88
INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	59,38	5	64,38
SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	95	5	100

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	3/73



A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

Contrato:	2025/CON_02/000006				
Precio Base de Licitación:	9.880,00				
OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
BM NEIRA AUDITORES, SLP	6.400,00	3.480,00	35,2227%	No se incluye	No es Baja Temeraria
BS AUDIT	4.690,00	5.190,00	52,5304%	Se incluye	No es Baja Temeraria
EPG AUDITORES SLP	8.087,00	1.793,00	18,1478%	No se incluye	No es Baja Temeraria
GNC AUDIT & CONSULTANCY SL	6.080,00	3.800,00	38,4615%	No se incluye	No es Baja Temeraria
INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L	4.799,98	5.080,02	51,4172%	Se incluye	No es Baja Temeraria
SEIQUER AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	3.000,00	6.880,00	69,6356%	Se incluye	Es Baja Temeraria
Medias calculadas	5.509,50	4.370,50	57,86 %		4.163,33 Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			62,07 %	3.746,99	

Explícase que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado abreviado “sumario”, o artigo 159.4 da LCSP permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación, neste caso Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P. a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

No caso de que a empresa proposta, en tanto que presenta a mellor oferta, non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar, adecuadamente, a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, continuarase coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complementa á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicarase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1.- Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a cinco días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación, Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P., ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Página	4/73





existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

Requirir á empresa Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada no apartado K. do cadro resumo e na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 6 de marzo de 2025, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P, cuxa oferta estaba incurso en presunción de anormalidade ou anormalmente baixa, finalizado o prazo o día 26/02/2025 non consta que houbera presentado a xustificación requirida, nin a través da plataforma de contratos do sector público nin a través do rexistro desta administración polo que a Mesa propón excluír do procedemento a Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P e propoñer para adxudicación ao seguinte licitador mellor valorado BS Audit (Brainstorming Audit SLP).

A continuación infórmase de que consta no poder desta administración toda a documentación relativa ao artigo 159.f.4º da LCSP respecto da licitadora mellor valorada BS Audit.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación que consta é correcta.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	5/73



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Excluir a proposta presentada por Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P por non atender ao requirimento efectuado para xustificar a oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite cualificado non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede interpoñer – con carácter potestativo-recurso de reposición ante esta Deputación Provincial no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Clasificar aos licitadores admitidos , atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	BS AUDIT	65,77
2	INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	64,38
3	GNC AUDIT & CONSULTANCY SL	51,88
4	BM NEIRA AUDITORES, SLP	49,53
5	EPG AUDITORES SLP	40,24


Adxudicar á empresa BS Audit (Brainstorming Audit SLP), a contratación dos servizos de realización de auditoría das contas anuais do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, correspondente os exercicios 2023 y 2024, expediente 2025/CON_02/000006, por importe de 4.690,00 euros, aos que se engadirán 984,90 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 5.674,90 euros, comprometéndose a unha redución do prazo de execución de 5 ou máis días antes do prazo máximo pra a prestación obxecto do contrato.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:21 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	6/73





1º.- Excluir a proposta presentada por Seiquer Auditores y Consultores, S.L.P por non atender ao requirimento efectuado para xustificar a oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite cualificado non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede interpoñer – con carácter potestativo-recurso de reposición ante esta Deputación Provincial no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

2º.- Clasificar aos licitadores admitidos , atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:


Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	BS AUDIT	65,77
2	INTERPRAUDI AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P.	64,38
3	GNC AUDIT & CONSULTANCY SL	51,88
4	BM NEIRA AUDITORES, SLP	49,53
5	EPG AUDITORES SLP	40,24

Adjudicar á empresa BS Audit (Brainstorming Audit SLP), a contratación dos servizos de realización de auditoría das contas anuais do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, correspondente os exercicios 2023 y 2024, expediente 2025/CON_02/000006, por importe de 4.690,00 euros, aos que se engadirán 984,90 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 5.674,90 euros, comprometéndose a unha redución do prazo de execución de 5 ou máis días antes do prazo máximo pra a prestación obxecto do contrato.

O prazo de duración do contrato esténdese dende a formalización do contrato – ou documento de aceptación da resolución de adjudicación por parte do contratista - cunha duración de un (1) ano prorrogable anualmente, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos catro (4) anos.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	7/73



4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A ADQUISICIÓN DUN SEMIRREMOLQUE NOVO, TIPO GÓNDOLA (ASFALTERA) PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DE LUGO, ADXUDICADO Á ENTIDADE FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, que se transcribe acto seguido:

“Con data 07 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Incoación do procedemento de resolución do contrato para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfaltera) para o Parque móbil da Deputación de Lugo, adxudicado á entidade Fruehauf Recambios, S.L.

Logo de ver a Proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Constan como antecedentes inmediatos, para os efectos da emisión do presente informe, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:


Con data do 17 de xaneiro de 2024, formalizouse o contrato administrativo para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfaltera) para o Parque Móbil da Deputación de Lugo coa entidade Fruehauf Recambios, S.L.

O contrato, na súa cláusula segunda, sinala: “O importe da adxudicación é de 62.626 euros, aos que se aplicará un IVE do 21% (13.151,46 €), o que fai un total de 75.777,46 €, cun prazo de entrega de 1 día natural contado a partir da formalización do contrato.”

Consta informe do xefe do Parque Móbil con CSV: IV7V2HH4NYZMLXNDWVUDON7BH4, no que sinala:

En relación co expediente 2024/CON_02/000061 “Adquisición dun semirremolque tipo góndola (asfalteira) para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo”, desde este servizo infórmase que a empresa adxudicataria, Fruehauf Recambios, S.L., asinou o contrato administrativo en data 17 de xaneiro de 2025, onde na cláusula segunda se indica como prazo de entrega 1 día natural. Transcorrido dito prazo e non

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	8/73





tendo constancia do mencionado subministro, nin comunicación algunha por parte da empresa, estímase oportuna a resolución do contrato.

As condicións da adxudicación que derivan da oferta do adxudicatario e que constan no propio documento de formalización son as sinaladas na dita cláusula segunda.

Polo tanto, vistos os antecedentes, ponse de manifesto a frustración do contrato por causas imputables ao contratista, mediando o incumprimento da súa oferta e de obrigas esenciais intimamente relacionadas coa execución.

A cláusula 22 do PCAP, no seu apartado 2, recolle como condición especial con carácter de obriga esencial, para os efectos do disposto como causa de resolución no apartado 211.1.f) da LCSP, o cumprimento da oferta por parte do adxudicatario, o que ten especial relevancia na medida en que ditos aspectos da oferta actúan como criterios selectivos. A súa inobservancia ou a tolerancia na súa inobservancia desvirtuarían a finalidade da licitación e resultarían contrarias aos principios da contratación pública previstos no artigo 1 da LCSP.

Queda evidenciado que non se teñen satisfeito ditas obrigas ao incumprirse o reducido prazo de entrega do subministro comprometido polo adxudicatario (1 día natural contado a partir da formalización do contrato).

Visto o anterior, e segundo o informado polo servizo do Parque Móbil, ao non terse efectuado a entrega do subministro, estase a detectar unha vontade deliberada de incumprir o contrato por parte de Fruehauf Recambios, S.L., plenamente coñecedora do prazo e das condicións de entrega, xa que estas derivan tanto da súa propia oferta como das condicións establecidas na adxudicación e no contrato formalizado.

Fundamentos xurídicos.

A Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) 9/2017, do 8 de novembro.
O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas 1098/2001.
Os pregos de cláusulas administrativas e demais documentos con forza obrigatoria incorporados ao expediente.
Considerando o anterior, compre realizar as seguintes:

Consideracións xurídicas.

1.- Sobre os antecedentes e a natureza xurídica da incidencia contractual derivada do estado de inexecución do contrato.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Página	9/73



Como inicio das consideracións do presente, compre recordar que o ben a subministrar non foi entregado, frustrando así a finalidade e necesidade do mesmo, cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Debe indicarse, igualmente e con carácter xeral, que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, na oferta e na demais documentación preparatoria que o contratista aceptou, someténdose a elas desde o primeiro momento da licitación. Así o establece o artigo 139 da LCSP, cando sinala que:

“As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Polo tanto, queda advertido o carácter vinculante do prego como lex contractus, cuxa interpretación non é dispoñible para o contratista. Ademais, as condicións previstas nas prescricións técnicas quedan actualizadas polas condicións ofertadas polo adxudicatario, que concorreu ao procedemento sen reservas e con plena liberdade para configurar a súa oferta.

De acordo co informado pola Xefatura do Parque Móbil, consta acreditado que o contratista non cumpriu as obrigas derivadas da súa oferta no que respecta á entrega no prazo estipulado. Isto evidencia unha vontade de non entregar o subministro, afectando unilateralmente o prazo de entrega comprometido e supoñendo así o incumprimento de obrigas contractuais esenciais mediante unha conduta omisiva que frustra a finalidade do contrato.

A falta de entrega do subministro nos termos comprometidos, especialmente en relación co incumprimento de aspectos avaliábeis como criterios de puntuación ofertados voluntariamente polo adxudicatario, recae na responsabilidade exclusiva do contratista.

A constatación do incumprimento dunha obriga esencial configura esta como causa de resolución do contrato. Consecuentemente, é deber desta Administración, na tutela do interese xeral ao que serve o contrato, tramitar este procedemento cando se detecte o incumprimento dun aspecto da oferta que resultou determinante para a adxudicación.

II.- Sobre as causas de resolución, a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte á inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego:


“Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

“O rigoroso cumprimento das condicións ofertadas, particularmente aquelas que fosen determinantes para a adxudicación por ser criterio da mesma...”

Ditos artigos establecen:

Artigo 211.f): “Serán así mesmo causas de resolución do contrato o incumprimento das restantes obrigas esenciais, sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos...”

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	10/73





Artigo 202.3): “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211...”

Apreciase, na opinión deste informante, que o contratista incumpriu as súas obrigas esenciais, configurando así causas de resolución do contrato. Todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados, con pleno respecto ao principio de contradición, no caso de que estas poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual, á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece unha serie de consecuencias proporcionais á gravidade do incumprimento, especialmente cando este frustra o contrato. No caso que nos ocupa, correspondería aplicar á entidade Fruehauf Recambios, S.L., os seguintes efectos:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (Prego cláusula 25, art. 110.d) e 213.3 da LCSP).
2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, podendo incluír a diferenza entre o importe da adxudicación e o que finalmente resulte dunha nova adxudicación ao verse obrigada a Administración a licitar novamente o contrato (Prego cláusula 25, art. 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001).
3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e do dano ao interese público finalmente acreditado (art. 19.1 do RXCAP).

III.- Sobre o procedemento a seguir.

De acordo co disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e no artigo 109 do RCAP 1098/2001, cabe o inicio de oficio do expediente baixo os seguintes requisitos:

- a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.
- b) Audiencia, no mesmo prazo, do avalista ou asegurador, cando se propoña a incautación da garantía.
- c) Informe do Servizo Xurídico, trámite que se está a cumprir co presente documento, requirindo o preceptivo sometemento ao conforme da Secretaría, ou a emisión por esta do informe que estime procedente, sen prexuízo da fiscalización pola Intervención, cando proceda.
- d) Ditame do Consello Consultivo, no caso de formularse oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala o precepto, todos os trámites e informes preceptivos nos expedientes de resolución dos contratos considéranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Página	11/73



IV.- Sobre o órgano competente.

De acordo co disposto no artigo 59 do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12, corresponde á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do acordo de resolución contractual.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio cando o importe exceda a garantía depositada, a competencia corresponderá á Presidencia, conforme ao inciso final do dito precepto do Regulamento Orgánico.

Tendo en conta os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no presente informe, propoño ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de subministración para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfalteira), para o Parque Móbil da Deputación de Lugo, adxudicado á entidade Fruehauf Recambios, S.L., polas causas expresadas no presente documento. O incumprimento do prazo de entrega do subministro, imputable ao contratista, constitúe un incumprimento de obrigas esenciais, tal e como se establece no prego de cláusulas administrativas como causa de resolución contractual.

Dar trámite de audiencia a Fruehauf Recambios, S.L. e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de dez días naturais, en atención á posible incautación da garantía depositada.


Unha vez finalizado o expediente de resolución, iniciar, se procede, a instrución dun expediente contradictorio para determinar a indemnización polos danos e prexuízos causados a esta Deputación. Así mesmo, valorar a posible declaración de prohibición para contratar, no caso de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

Notificar ao contratista o acordo que se adopte, indicándolle que contra o acordo de iniciación da resolución contractual e os acordos derivados del, ao ter carácter de trámite, non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que poida formular as alegacións que estime oportunas dentro do trámite conferido para tal efecto.

Dar traslado do presente acordo ao Parque Móbil, ao Servizo de Contratación e Fomento e á Intervención Provincial para os efectos oportunos.”

O día 11 de febreiro de 2025 deuse traslado á empresa Fruehauf Recambios S.L. e á entidade avalista Caixabank S.A., do texto íntegro do acordo incoación do expediente de resolución contractual, anteriormente transcrito, coas formalidades establecidas no artigo 43 da Lei 39/2015, do 01 de outubro do Procedemento Administrativo Común, concedéndolle trámite de audiencia, para formular as alegacións oportunas, por un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á recepción da notificación.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	12/73





Consta no expediente recepción por parte da entidade avalista, en documento con CSV: IV7VG7I72B00JP5N6YPGI7ZWMU, e rexeitamento por parte da empresa Fruehauf Recambios S.L. en documento con CSV: IV7SUX76JIFSVD6ZPCF5BAOY.

Considerando que non consta oposición do contratista nin do avalista, e que consta acreditado o incumprimento dunha obriga esencial como era o prazo de execución , causándose dano a administración pola frustración do contrato e do interés público que motivou a súa licitación segundo o informe de necesidade que iniciou o expediente, propónse que, previa fiscalización, pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Resolver o contrato de subministración para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfalteira), para o Parque Móbil da Deputación de Lugo, por causas imputables ó contratista adxudicado á entidade Fruehauf Recambios, S.L., ó que se considera culpable polas causas expresadas no corpo do presente e incorporadas ó expediente por concorrer un claro incumprimento da súa oferta no que atinxe ó prazo de entrega que ten carácter de incumprimento dunha obriga esencial procedendo á resolución ó abeiro do disposto nos pregos.


2º.- Incautar a garantía depositada por Fruehauf Recambios, S.L., suscrito coa Entidade Caixabank S.A., aval número 9340.03.2668752-51, por importe de 3.131,30 euros, de conformidade co disposto no artigo 213.3 da LCSP.

3º.- Iniciar a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación, no importe que exceda a garantía incautada, podendo incluír a diferenza entre o importe da adxudicación e o que finalmente resulte dunha nova adxudicación ao verse obrigada a Administración a licitar novamente o contrato (Prego cláusula 25, art. 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001).

4º Iniciar o expediente para a posible declaración e determinación dunha prohibición para contratar con esta administración ó terse verificado incumprimento da oferta mediante actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista que frustra a execución do contrato.

5º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que esgota a vía administrativa procede alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación. Se optara por interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	13/73



6º.- Dar traslado ó Responsable do contrato, a intervención provincial e á tesouraría provincial co obxecto de que se execute a incautación acordada.”

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente, e tendo en conta a fiscalización previa de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno, se adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Resolver o contrato de subministración para a adquisición dun semirremolque novo, tipo góndola (asfalteira), para o Parque Móbil da Deputación de Lugo, por causas imputables ó contratista adxudicado á entidade Fruehauf Recambios, S.L., ó que se considera culpable polas causas expresadas no corpo do presente e incorporadas ó expediente por concorrer un claro incumprimento da súa oferta no que atinxe ó prazo de entrega que ten carácter de incumprimento dunha obriga esencial procedendo á resolución ó abeiro do disposto nos pregos.

2º.- Incautar a garantía depositada por Fruehauf Recambios, S.L., suscrito coa Entidade Caixabank S.A., aval número 9340.03.2668752-51, por importe de 3.131,30 euros, de conformidade co disposto no artigo 213.3 da LCSP.


3º.- Iniciar a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación, no importe que exceda a garantía incautada, podendo incluír a diferenza entre o importe da adxudicación e o que finalmente resulte dunha nova adxudicación ao verse obrigada a Administración a licitar novamente o contrato (Prego cláusula 25, art. 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001).

4º.- Iniciar o expediente para a posible declaración e determinación dunha prohibición para contratar con esta administración ó terse verificado incumprimento da oferta mediante actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista que frustra a execución do contrato.

5º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que esgota a vía administrativa procede alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación. Se optara por interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

6º.- Dar traslado ó Responsable do contrato, a intervención provincial e á tesouraría provincial co obxecto de que se execute a incautación acordada.”

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	14/73





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O CORGO – LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-1602 “San Cristovo (N-VI)– Adai – Romeán (LU-106)”, P.K. 3+223 a 8+547, LU-P-1606 “Adai (LU-P-1602)– Queizán”, P.K. 0+000 a 2+652 e LU-P-2918 “Lugo (LU-530)– Santa María de Bóveda– Adai (LU-P-1602)”, P.K. 9+736 a 9+856.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O CORGO – LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-1602 “San Cristovo (N-VI)– Adai– Romeán (LU-106)”, P.K. 3+223 a 8+547, LU-P-1606 “Adai (LU-P-1602)– Queizán”, P.K. 0+000 a 2+652 e LU-P-2918 “Lugo (LU-530)– Santa María de Bóveda– Adai (LU-P-1602)”, P.K. 9+736 a 9+856, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7SUHS4HEXIJG5MZVIU6Z2V6A.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SUGAKL5Z66T577RMN4YSRIQ.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SUGAKDAEMXKFYQJANF3YED4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SUGALLBH6LHO32HUV6BB6IU.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SUO2MJZWT6S7MUT6Q6IC7P4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SWKKT DY467OG4BXQR6R JF4I.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SWKJY2FP7SVF7UBMV4JBEK4.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: O CORGO– LUGO.-

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Página	15/73



Rehabilitación de firme LU-P-1602 “San Cristovo (N-VI)- Adai- Romeán (LU-106)”, P.K. 3+223 a 8+547, LU-P-1606 “Adai (LU-P-1602)- Queizán”, P.K. 0+000 a 2+652 e LU-P-2918 “Lugo (LU-530)- Santa María de Bóveda- Adai (LU-P-1602)”, P.K. 9+736 a 9+856, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 276.894,63 €, dos cales 48.056,09 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LÁNCARA.- Rehabilitación de firme LU-P-2703 “Pobra de San Xiao (LU-614)- Carracedo (LU-622)” P.K. 0+000 a 0+527.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LÁNCARA.- Rehabilitación de firme LU-P-2703 “Pobra de San Xiao (LU-614)- Carracedo (LU-622)” P.K. 0+000 a 0+527, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7SULTLDB64R5EZAIMXLZXT5Y.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SW6Y3DHVNXFNMXQOXK52GCM.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SULDOB545VPR4AXWEBCOEI.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SULDPEFZTVRGLXUHEGYPGIY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SUO2DMFWSTHJOZVAREQQF6Q.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SWP37CF52JDF6QQ7VMEYSIQ.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SWP35LIUNZS4R4RVGIIHOA.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	16/73





Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LÁNCARA.- Rehabilitación de firme LU-P-2703 “Pobra de San Xiao (LU-614)- Carracedo (LU-622)” P.K. 0+000 a 0+527, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 72.976,37 €, dos cales 12.665,32 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a promoción turística do concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba). Anualidade 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

“En relación co escrito, presentado por dona Marta María Rouco Seaone, en nome e representación do Concello de Vilalba, con CIF: P2706500B, con RE, nº: 2025RT000728 de data 22.01.2025, modificado posteriormente en data 14/02/2025, con RE nº:2025RT002435, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	17/73



realización conxunta polo Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común no proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba)”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para levar a cabo o proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba)”, enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...).”


Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. O Concello de Vilalba é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove as actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiración da comunidade veciñal.

O Concello de Vilalba, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	18/73





contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, en todo caso, exercera como propias, entre outras, “h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Por outro lado o Concello de Vilalba ten unha situación privilexiada na comarca da Terra Cha para o fomento do turismo así como importantes recursos naturais etnográficos. Atópase na metade norte da provincia de Lugo situado dentro da comarca da Terra Cha; limita polo norte cos concellos de Abadín, Muras e Xermade, polo sur con Cospeito, Begonte e Guitiriz, polo leste, con Abadín e Cospeito e polo oeste con Xermade e Guitiriz. Posúe unha densidade de poboación de 38,64 hab./km², e unha superficie de 379 km², o que o converte no segundo maior dos concellos galegos en canto a superficie. A poboación de Vilalba distribúese nas 29 parroquias que integran o concello, ademais do núcleo urban da vila.

En relación ao seu impacto económico, esta actuación repercute economicamente de forma positiva no Concello e en toda a contorna, pois ca “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba)”, se revalorizará e reactivará as potencialidades transversais coa difusión do coñecemento dos recursos locais, aportando un plus de innovación e novidade o turismo no concello de Vilalba.


Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	19/73



(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de subministros e de servizos nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde a Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Vilalba, comprométese aportar a cantidade de 120.000,00 € como fondos propios da administración solicitante de acordo co orzamento previsto, resultando un importe total orzamentario do proxecto de 170.000,00€.


5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes no proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba)” na anualidade 2025. É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para levar a cabo o proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba)” por importe total de 170.000.00€, co seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a promoción turística do concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba). Anualidade 2025.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	20/73





Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, con N.I.F P2706500B e sede social na Praza da Constitución nº 1, CP 27800, Vilalba (Lugo), actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	21/73



“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1.a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”


Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	22/73





O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)”

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	23/73



Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden." Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos Concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos Concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	24/73





A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO A TRAVES DO FIV 2025 (FESTIVAL INDEPENDENTE DE CONCELLO)	170.000,00€
CUSTE TOTAL	170.000,00€

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	25/73



ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO
50.000,00€	120.000,00€
TOTAL: 170.000,00€	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométese a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Vilalba.

Terceira.- Fin común

Coa formalización do presente convenio preténdese promocionar a provincia de Lugo e o Concello de Vilalba, a través do FIV (Festival independente de Vilalba), que é un evento con proxección a nivel nacional e internacional.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

4.2. O Concello de Vilalba.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Vilalba comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	26/73





8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Vilalba efectuará unha achega de 120.000,00€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade compartida posto que os efectos a nivel turístico, cultural, económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Vilalba, aos límites da comarca da Terra Cha, en xeral a toda a provincia de Lugo.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Vilalba se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolva e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	27/73



cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida polo/a representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o Concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	28/73





O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027. debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	29/73



interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodaráse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.


De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	30/73





ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación,

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	31/73



sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor do Concello de Vilalba, para sufragar os gastos derivados da “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2025 (Festival independente de Vilalba)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta ciclista a España 24”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (2025/PES_03/003965) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

Antecedentes de feito.


Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2024, acordou aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta Ciclista a España 24” por importe total de 23.670,90 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 22.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral do ano 2024.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta Ciclista a España 24”, formalizouse o 26 de setembro de 2024.

Terceiro.- O concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo remitiu, o 7 de marzo de 2025 (2025RPE003355), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Expoño,

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	32/73





Ante a imposibilidade de reunir, no prazo de xustificación establecido no convenio, a documentación xustificativa dos gastos imputados á actuación "Volta ciclista a España 24", por causas non imputables ao concello (emisión de nóminas, facturas...).

Solicito,
Unha ampliación do prazo de xustificación (...)."

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

"(...)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025 Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)"

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

Na cláusula oitava.- Modificación.

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación ao convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a súa concesión.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	33/73



Conclusións.

Por todo o exposto, tendo en conta que:

O convenio estea vixente.

Prevese a modificación do mesmo.

Non se prexudican dereitos de terceiros,

e que o límite máximo de ampliación do prazo de xustificación abarcaría ata o 15 de maio de 2025, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada polo concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta ciclista a España 24” formalizado o 26 de setembro de 2024, que quedaría redactado no seguinte senso:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta ciclista a España 24”.

Reunidos.


Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001 actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Miguel Fernández Méndez, Alcalde do Concello de Lugo, con N.I.F. P2702800J e sede social na Praza Maior, 1, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	34/73





Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2024, acordou aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta Ciclista a España 24” por importe total de 23.670,90 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 22.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral do ano 2024.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta Ciclista a España 24”, formalizouse o 26 de setembro de 2024.

Terceiro.- O concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo remitiu, o 7 de marzo de 2025 (2025RPE003355), escrito no que literalmente se estable o seguinte:

“Expoño,

Ante a imposibilidade de reunir, no prazo de xustificación establecido no convenio, a documentación xustificativa dos gastos imputados á actuación “Volta ciclista a España 24”, por causas non imputables ao concello (emisión de nóminas, facturas...).

Solicito,

Unha ampliación do prazo de xustificación (...)”

Cuarto.- O límite máximo de ampliación do prazo de xustificación, en base ao establecido na cláusula quinta, abarcaría ata o 15 de maio de 2025.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben, en nome das entidades ás que representan, a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula quinta do convenio formalizado o 26 de setembro de 2024, que quedaría redactada no seguinte senso:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	35/73



Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 22.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello

O Concello de Lugo efectuará unha achega de 1.670,90 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade compartida posto que os efectos a nivel deportivo, cultural, turístico, económico e social beneficiarán directamente aos veciños e veciñas da provincia de Lugo.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de maio de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.


(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	36/73





3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 26 de setembro de 2024, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación, se procede, do axuste das anualidades recollidas na cláusula sexta do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)”, Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU anos 2024-2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento (EXP. 2024/XEN_01/002183) no que literalmente se establece o seguinte:

“Axuste das anualidades recollidas na cláusula sexta do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río fontecova. Viveiro (Lugo)”, Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU anos 2024-2026.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	37/73



Visto o escrito, remitido pola entidade pública empresarial Augas de Galicia (EXP. 2025/XEN_01/000954), no que se solicita un axuste das anualidades recollidas no convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– *NextGenerationEU* anos 2024-2026 co fin de adecualas ao ritmo previsto para a contratación e execución das obras, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada o 9 de agosto de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

"Primeiro.- A aprobación do borrador do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da arpsi fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – *NextGenerationEU* anos 2024-2026 por importe total de 984.697,47 €, remitido dende a Augas de Galicia (código de verificación IV7URTK7LF6NTTM7YBFD5KD5Y)".

O texto do convenio que se aproba é o que se relaciona a continuación: "...."

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 192.348,73 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 2.217,34 € son financiados con cargo á anualidade 2024 na aplicación orzamentaria 1720.753.

Terceiro: Adquirir o compromiso de incluír:

No orzamento do ano 2025 a contía de 95.065,69 €

No orzamento do ano 2026 a contía de 95.065,70 €

tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

Segundo.- Dende a Dirección de Augas de Galicia remitiuse, por correo electrónico, un novo borrador do texto do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de recuperación, transformación e resiliencia– financiado pola Unión Europea – *NextGenerationEU* anos 2024-2026 onde se recollen certos cambios respecto ao aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 9 de agosto de 2024, o que fai necesario a aprobación dun texto refundido do convenio de referencia.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	38/73





Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2024. acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar o texto refundido do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)”, plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea–*NextGenerationEU* anos 2024-2026 remitido dende a Dirección de augas de Galicia”

Cuarto.- O texto refundido do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea–*NextGenerationEU* anos 2024-2026 formalizouse o 4 de novembro de 2024.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira: No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula novena.- Vixencia do Convenio.

“O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2026. Porén, rematada a súa vixencia, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes de cumprimento as obrigas establecidas no convenio para cada unha das partes.”

Na cláusula décima.- Modificación do Convenio.

“Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre as partes intervinientes e tramitarase a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades.”

Segunda: O órgano competente para aprobar o axuste das anualidades recollidas na cláusula sexta do convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	39/73



Conclusións.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente e que o mesmo prevé a súa modificación, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde o axuste das anualidades recollidas na cláusula sexta do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– *NextGenerationEU* anos 2024-2026 que quedarían fixadas, segundo o documento aportado pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, no seguinte senso:

	AUGAS DE GALICIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE VIVEIRO	IMPORTE
2024	0,00	0,00	0,00	0,00
2025	550.484,80	95.065,69	95.065,70	740.616,19
2026	49.515,20	97.283,04	97.283,04	244.081,28
	600.000,00	192.348,73	192.348,74	984.697,47"

Tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


1º.- Axustar as anualidades recollidas na cláusula sexta do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– *NextGenerationEU* anos 2024-2026 que quedarían fixadas, segundo o documento aportado pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, no seguinte senso:

	AUGAS DE GALICIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE VIVEIRO	IMPORTE
2024	0,00	0,00	0,00	0,00
2025	550.484,80	95.065,69	95.065,70	740.616,19
2026	49.515,20	97.283,04	97.283,04	244.081,28
	600.000,00	192.348,73	192.348,74	984.697,47"

2º.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2026 o importe de 97.283,04 €, para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2026, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	40/73





6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LIQUIDACIÓN E RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN PROVINCIAL DENOMINADO CLUB NÁUTICO DE PORTOMARÍN.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o acordo asinado o 15.02.2023 baixo o CSV IV7BYDLSEEJMRKX2CTQ4GIIG5Y entre esta Entidade Provincial e Asunción López López concesionaria do ben provincial denominado Club Náutico de Portomarín por acordo da Xunta de Goberno Provincial ordinaria celebrada o 20.01.2023, e no marco do prego de cláusulas administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 7.10.2022, cuxo procedemento foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 14.10.2022.

Tendo en conta que en relación co prazo contractual a súa cláusula 8, establece que “O prazo de duración da concesión demanial será de 2 anos, contados a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo da presente concesión demanial. Finalizado este período haberá posibilidade de prórroga, por mutuo acordo das partes, por 2 anos máis, de ano en ano. A prórroga deberase acordar expresamente dentro dos tres meses anteriores á finalización da mesma. En todo caso, a duración total da presente concesión, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 4 anos.


Ao termo deste prazo o concesionario virá obrigado a deixar á libre disposición da Deputación de Lugo as parcelas, edificacións e as instalacións, obxecto da presente concesión demanial”.

Tendo en conta a cláusula 10 que expresa as seguintes inversións comprometidas pola concesionaria para a explotación da actividade principal e da súa proposta técnica e que deberá acreditar ao cumprimento do prazo do presente acordo (2 anos):

ASUNCIÓN LÓPEZ LÓPEZ		
Actividade principal: CAFETERÍA-RESTAURANTE		
Inversións	Descrición	Prezo
Maquinaria	Equipamento cociña: cámara frigorífica, lavalouza, frixideira, prancha, enxoval (vaixela e cristalería)	3.500 €
Mobiliario	Mesas, cadeiras e outros enseres necesarios (decoración...)	3.000 €
Total		6.500 €

Tendo en conta que a concesionaria Asunción López López en relación co requirimento notificado o 13.02.25 para a emenda das obrigas contractuais polo

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	41/73



período comprendido entre o 16.02.23 e o 15.02.25, manifesta entre outras que: (...) No interesa a esta parte la alternativa de prórroga de la concesión (...)

Tendo en conta que o informe asinado pola Secretaria Xeral e a Sección de Patrimonio do 12.03.25 baixo o CSVIV7SWPRTPIVS7GX7SRHQ4Y2DMQ expresa que sen prexuízo de que queda pendente a liquidación das obrigas da concesionaria, a comprobación da efectiva instalación e funcionamento dos elementos relativos as inversións comprometida, a verificación do estado das instalacións provinciais e a recepción das chaves das instalacións pode acordarse a extinción do acordo por cumprimento do prazo dos dous primeiros anos de vixencia comprendido entre o 16.02.23 e o 15.02.25.

Polo exposto, en virtude do artigo 59.12 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno a toma de razón da extinción do acordo entre a Deputación Provincial de Lugo e Asunción López López relativo á concesión demanial do ben provincial denominado Club Náutico de Portomarín asinado o 15.02.2023 baixo o CSV IV7BYDLSEEJMRKX2CTQ4GIIG5Y por cumprimento do prazo acordado comprendido entre o 16.02.23 e o 15.02.25 e sen prexuízo da realización das actuacións pertinentes conducentes á liquidación e extinción das obrigas comprometidas e á recepción da chaves da instalación provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE ÚNICO LOTE DE PARCELAS RÚSTICAS, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“O Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	42/73





A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

De acordo co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas de solo rústico no Concello de Antas de Ulla, coa finalidade de dar un aproveitamento a estas parcelas que non teñen uso pola Deputación Provincial e promovendo, así, o desenvolvemento económico e social da provincia e ,deste modo, potenciando o a implantación de novas actividades económicas neste termo municipal.

Coa dita finalidade o procedemento será de concorrencia pública mediante a celebración de poxa pública e se levará a cabo por esta Deputación Provincial, para o que se redacta o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación das parcelas.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola Sección de Patrimonio e a Secretaría Xeral, en data de 13 de marzo de 2025, con CSV IV7SXTJTJAZ5TKOODQN5L4TW6A.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial, en data de 13 de marzo de 2025, con CSV IV7SXT3KIEW3YXPZZUWX6H3CMA.

Tendo en conta todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento do lote único de parcelas de solo rústico situadas no Concello de Antas de Ulla mediante a celebración de poxa pública.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

3º.- Proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	43/73



8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE EXTENSIÓN DO PERÍODO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)- PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO).

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

Antecedentes.

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.


Segundo.- Para a execución das axudas creouse o programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022.

Á vista das actividades nas que cada concello quere participar, e en base á información das enquisas remitidas por cada concello que permiten determinar a situación actual e as súas necesidades, elaborouse a distribución final baseada nesta información e de forma equitativa por cada unha das actividades. En Xunta de Goberno de 24.11.2023 prestouse aprobación a este reparto e ao alcance dos proxectos e actuacións enmarcados dentro do proxecto ImpulsaTIC para cada un dos 52 concellos adheridos.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 01 de marzo de 2024 aproba solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido conforme ao artigo 11 da Orde TER/836/2022. Resolvendo a data de 15 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local a ampliación do prazo ata o 30 de setembro de 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria de día 12 de xullo de 2024, acorda solicitar, en base ao artigo 11.1 da Orde TER/836/2022, unha segunda ampliación do prazo de execución dos proxectos ata o máximo posible. Resolvendo o

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	44/73





Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, con data 23 de xullo de 2024, a extensión de dito prazo de execución ata o 31 de marzo de 2025.

Cuarta.- No mes de decembro de 2023 iníciáanse con carácter de urxencia as licitacións asociadas á execución dos proxectos, sendo adxudicadas en tempo e forma. Existe un remanente de 599.877,18 € con respecto á axuda inicial concedida.

Con base nese remanente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2024 acorda solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha ampliación do alcance do proxecto “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarios municipales” do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) con número de expediente 499-632865 para incorporar as seguintes subactuacións:

Subactuación 1. Dotación de servidores municipais. Que consiste en renovar os servidores locais municipais que actualmente están obsoletos (tanto en recursos hardware como en *software*), para substituílos por servidores de nova xeración, con altas capacidades, máis seguros e eficientes. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000 €.


Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Para que os concellos poidan automatizar e modernizar o rexistro da xornada laboral conforme o artigo 34 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Traballadores, dotarase a cada concello dun terminal de físico de fichaxe xunto con tarxetas para os traballadores municipais, ademais implantarase un aplicación que permita realizar a xestión das fichaxes e os permisos, dende o ordenador vía web ou dende o móbil vía APP. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000 €.

Con data 17 de decembro de 2024 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude.

Quinta.- A ampliación de alcance resolta en decembro de 2024 derivou nunha consulta de participación aos concellos afectados cara a preparación das licitacións oportunas, recibindo a última solicitude de participación nos novos programas o 22 de xaneiro de 2025.

Sexta.- En base ao artigo 11 da Orde TER/836/2022 solicítase unha ampliación do prazo de execución para, en aras dunha maior seguridade xurídica, poder preparar as licitacións oportunas para realizar as novas subactuacións que foron aprobadas en base ás demandas particulares establecidas por cada concello. Con data 21 de febreiro de 2025 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	45/73



favorablemente a solicitude concedendo unha ampliación no prazo de execución ata o 30 Xuño de 2025.

Consideracións.

Primeira.- O artigo 11 da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que: “De acordo con o que se establece no artigo 11 da Orde TER/836/2022, cando existan causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no período de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do mesmo debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución”.

Segunda.- A tramitación do expediente de licitación para a realización das dúas novas subactuacións aprobadas na solicitude de ampliación de alcance, dilatouse ata ter comunicación dos concellos adheridos da súa intención a participar e que comuniquen as súas demanda, algo necesario para fixar o alcance dos contratos.

A pesar da ampliación de prazo ata o 30 de xuño de 2025, dende o Servicio de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo trasladan que a data máis optimista de formalización dos contratos obxecto da licitación iniciada sería na segunda metade de maio, deixando neste caso un mes escaso para a execución dos traballos, cando a duración estimada prevista era de dous meses.

En aras dunha maior seguridade xurídica, a xuízo de quen subscribe, cómpre acollerse a esa posible ampliación na execución e solicitala no prazo establecido na normativa de aplicación de acordo coas seguintes motivacións:

O impulso de novas licitacións derivadas da ampliación de alcance feitas en decembro e o cumprimento dos prazos establecidos pola Lei de Contratos do Sector Público poden supoñer problemas na data de execución final prevista do 30 de xuño de 2025.


A complexidade na implementación e coordinación da metodoloxía de xestión de Fitos e Obxectivos do PRTR, cos consecuentes atrasos que isto pode carrexar na tramitación dos expedientes de contratación.

O 14 de febreiro de 2025 recibíuse unha segunda ampliación do prazo de execución dos proxectos regulados pola a Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, fixando como nova data límite de execución o 18 de decembro de 2025.

Conclusión.

Polo exposto e conforme o artigo 11 da ORDE TER/836/2022, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	46/73





Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o 18 de decembro do 2025, ou ata o máximo permitido, co fin de poder executar as novas subactuacións que foron aprobadas en decembro de 2024.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o 18 de decembro de 2025, ou ata o máximo permitido, co fin de poder executar as novas subactuacións que foron aprobadas en decembro de 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO (6ª FASE).

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións das hortas xestionadas actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Con data 29 de setembro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou a aprobación e convocatoria do Procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do rato (6ª fase), mediante concorrencia pública, a vista da existencia de parcelas libres. A convocatoria foi publicada no BOP nº227 de 30 de setembro de 2024, abríndose un prazo de 10 días para a presentación de solicitudes de participación.

Por Resolución de Presidencia de data 15 de outubro de 2024, nomeáronse aos funcionarios do Servizo de Medio Ambiente que constitúen a Mesa de seguimento, como órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	47/73



achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa de seguimento reuniuse o día 25 de outubro de 2024 e, unha vez revisadas as solicitudes presentadas, levantou a correspondente acta, na que acordou:

“1º.-Propoñer a exclusión do procedemento, posto que só se pode asignar un Horto por unidade familiar, por incumprimento do punto 3 apartado a) “... En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar” aos seguintes solicitantes:

Ainara Castro Lombardia- expediente 2024/PES_03/019660

Antón Castro Lombardia- expediente 2024/PES_03/019662

Pablo Cosio Juan- expediente 2024/PES_03/019663

2º.- Propoñer a exclusión do procedemento, por presentar a solicitude fóra de prazo, de:

Javier García Lozano- expediente 2024/PES_03/020616

2º.-Requirir, dacordo co establecido no procedemento, para que nun prazo de 10 días dende a recepción da notificación, completen ou emenden a documentación presentada, os seguintes solicitantes:

Vladyslava Kuznietsova- Non se acredita o cumprimento do punto 3 (ser veciño de Lugo ou outro concello lindeiro).

José Pereira Barroncas da Costa- Non se acredita o cumprimento do punto 3 (ser veciño de Lugo ou outro concello lindeiro)”

O día 12 de decembro de 2024, logo de efectuar os requirimentos; reúnese a Mesa de seguimento acordando:

“1º.- Aceptar a documentación presentada por don José Pereira Barroncas da Costa, o día 5 de novembro de 2024, acreditativa do cumprimento do requisito de ser veciño do concello de Lugo.


2º.- Propoñer a exclusión de dona Vladyslava Kuznietsova, por desistencia da solicitude, ao non presentar a documentación adicional requirida por non acreditar a condición de veciña de Lugo ou un concello lindeiro.

3º.- Propoñer a exclusión de don Anxo Xosé García Dopico e don Cesareo Portomeñe Álvarez, en base ao punto 3 apartado a) da Bases “... En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar”;ao ter estes un Horto autorizado, e a súa autorización ser prorrogable.

4º.- Non admitir a trámite a solicitude presentada por don Javier García Lozano ao estar presentada fóra de prazo.

5º.- Aprobar e publicar as seguintes listaxes provisionais de excluídos e de admitidos.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	48/73





(listaxes publicadas na web <https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/hortosrato> e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo).

6º.-Poñer a disposición dos interesados as listaxes, no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente durante 10 días naturais, durante os cales poderán presentar as alegacións que consideren, pasando a considerarse Listaxes definitivas, no caso de non recibir alegacións, tal e como indica o punto 8.2 do Procedemento para a concesión de de autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (6ª fase)”

O día 16 de xaneiro de 2025, reúnese novamente a Mesa de seguimento para a realización do sorteo das parcelas dispoñibles, levantando a correspondente acta na que manifesta que:

“1º- Rectificar, de oficio, o erro de feito detectado na listaxe provisional de excluídos (dacordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), respecto a indicación que figura na columna de “causa exclusión” de D. Cesareo Portomeñe Álvarez, eliminando a indicación de “renovable” respecto a autorización vixente do Horto 115, ao non ser esta renovable, dacordo co establecido na ampliación da autorización concedida a este usuario e na lexislación vixente, quedando redactada como segue:

Cesareo Portomeñe Álvarez- Só se outorgará un horto por unidade familiar [Incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases. Usuario autorizado 3ª Fase do Horto 115] 2024/PES_03/019286.

2º- Elevar as listaxes provisionais publicadas o día 23 de decembro de 2024, no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na súa páxina web, a definitivas (incluíndo a rectificación indicada no apartado anterior); ao non recibirse alegacións ás mesmas, dacordo co indicado no punto 8.2 do Procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Rato (6ª FASE), e solicitar a súa publicación a disposición dos interesados como listaxes definitivas; no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente.

O día 10 de marzo de 2025, reúnese a Mesa de seguimento para a realización da asignación individualizada de hortos, ao chou, entre as persoas interesadas admitidas co seguinte resultado:

(...)

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	49/73



ABDELOUHAB MATAMI ERRADOVANI	62	MANUEL JESÚS BARREIRA PAZ	50
AGATA MICAELA TUBIO LAGOS	21	MANUEL RODRÍGUEZ VARELA	11
ALBA GARDES CASTELLANOS	113	MARIA ANGEL PEREZ RODRIGUEZ	8
ALBA LÓPEZ PAZ	91	MARÍA CARMEN DÍAZ FERNÁNDEZ	84
ALFONSO LÓPEZ CARRICHES	38	MARIA DEL CARMEN GOMEZ PARDO	103
ALFREDO LIZ BUSTO	66	MARÍA DEL CARMEN PENA RIVERO	32
ALICIA FERNANDEZ DIAZ	60	MARIA DEL ROSARIO MARIN ARNES	69
ANA GUILLÉN GARCIA	68	MARÍA FÉ FERNÁNDEZ MUIÑA	5
ANA Mª CARBALLIDO FALCÓN	74	MARÍA FE GARCÍA CAMPOS	40
ANA MARÍA SILVA ROMERO	104	MARIA FERNANDA LOMBARDIA CRESPO	82
ANGELES MARTINEZ GAUTE	70	MARÍA HORTENSIA LENCE CORTIÑAS	6
ANTONIO ÁLVAREZ LÓPEZ	13	MARIA ISABEL CASTRO ARZA	106
ANTONIO GONZALEZ LOPEZ	86	MARIA JOSE BARRIO CALDERON	142
ARACELI FERNÁNDEZ MÉNDEZ	88	MARIA JOSE VILAR MÉNDEZ	72
ASOC. ALUME SAUDE MENTAL	89	MARIA LUZ DIAZ GRANDAS	100
ASOCIACIÓN CAPACES LUGO	2	MARIA PAZ CASTRO VÁZQUEZ	22
BEATRIZ MORENO TORRES	134	MARIA SABELA LUENGOS GARCÍA	102
BEATRIZ SÁNCHEZ LEGIDO	58	MARIA TERESA BELLO DÍAZ	51
CARLOS FERNÁNDEZ DOMINGUEZ	24	MARIA TERESA LOPEZ LOPEZ	96
CARLOS VARELA VAZQUEZ	4	MARIA TERESA TOME DOMINGUEZ	9
CAROLINA PEREZ PEREZ	1	MARINA MENDEZ MALLO	54
DELIS REGLA PARDO SUAREZ	35	MARTA GARCIA SESTELO	53
DIEGO JOSE SALGADO RODRIGUEZ	14	MERCEDES PÉREZ RIGUEIRO	42
EMILIO ARIAS ARIAS	107	MIGUEL ÁNGEL CURIEL NÚÑEZ	98
FATIHA ED DERNI	136	MIGUEL IRIARTE LÓPEZ	7
FLOR MARIA PEREZ RODRIGUEZ	52	MÓNICA GONZÁLEZ MARTÍNEZ	3
FRANCISCO PIN GONZALEZ	120	NIEVES ALVAREZ LLANO	27
GABRIEL GÓMEZ FERNÁNDEZ	97	NOELIA MATO FIEIRAS	99
GLADYS ALEJANDRA RODRIGUEZ RICO	137	OLGA LOPEZ MARTINEZ	109
GUILLERMO FERNÁNDEZ BLÁZQUEZ	93	OSCAR VILARIÑO RAMOS	81
HUMBERTO MELÓN TRAVIESA	83	PATRICIA FERNANDEZ ALVAREZ	94
ISOLINA RODRÍGUEZ LÓPEZ	121	PATRICIA SEIJO LOPEZ	57
JAVIER LIZ DIAZ	15	PAULA RODRIGUEZ DONO	30
JAVIER OTERO RODRIGUEZ	29	RABIA FTOUH ESSSHAIBI	128
JOAQUÍN LÓPEZ PÉREZ	41	RAMIRO LUGILDE SANCHEZ	79
JOSE MIGUEL RICO NOCEDA	34	RAQUEL LOPEZ CASADO	63
JOSE PEREIRA BARRONCAS DA COSTA	49	ROBERTO DE FRANCESCO	85
LAURA ALVAREZ GONZALEZ	114	ROBERTO GARCIA FERNANDEZ	95
LAURA ARROYO GARCIA	28	RODRIGO RODRIGUEZ GONZALEZ	12
LIDIA OSORIO CASTELAO	39	SERGIO LLENDERROZAS GONZÁLEZ	71
LUIS CARLOS ESCUDERO VILARIÑO	65	SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS	17
LUIS GUDE SÁNCHEZ	37	TAMARA VIÑA ZAS	26
Mª BERTA FERNÁNDEZ ABELAIRAS	43	VISTACION MALLO FERNANDEZ	78
Mª CELIA LÓPEZ GARCÍA	20	XABIER GÓMEZ SANTISO	101
Mª JESÚS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	19	BALEIRO	

En base ao anterior, a documentación presente no expediente 2024/XEN_01/002422, e tendo en conta que segundo establece o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo no seu apartado XI. Órganos competentes “Punto 32. En materia relativa á adjudicación dos hortos ou demais acordos que se

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	50/73





poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo” proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- A exclusión do procedemento, dos seguintes solicitantes, polas causas indicadas:

SOLICITANTE	CAUSA EXCLUSIÓN	EXPEDIENTE
AINARA CASTRO LOMBARDIA	Só se pode asignar un Horto por unidade familiar [incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases]	2024/PES_03/019660
ANTON CASTRO LOMBARDIA	Só se pode asignar un Horto por unidade familiar [incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases]	2023/PES_03/021514
PABLO COSIO JUAN	Só se pode asignar un Horto por unidade familiar [incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases]	2024/PES_03/019663
VLADYSLAVA KUZNIETSOVA	Desestimento da solicitude (art.68.1 da LPACAP). [Non cumpre o punto 3.a) das Bases. (Ser veciño de Lugo ou outro concello lindeiro)]	2024/PES_03/019176
JAVIER GARCÍA LOZANO	Solicitude presentada fóra de prazo. [Punto 6.1 das Bases (do 1 ao 14 de outubro de 2024)]	2024/PES_03/020616
ANXO XOSE GARCIA DOPICO	Só se outorgará un horto por unidade familiar [Incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases. Usuario autorizado 4º Fase do Horto 144 (renovable)]	2024/PES_03/021414
CESAREO PORTOMEÑE ÁLVAREZ	Só se outorgará un horto por unidade familiar [Incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases. Usuario autorizado 3º Fase do Horto 115]	2024/PES_03/019286

2º.- Aprobar o outorgamento de autorización de uso de cada parcela numerada, por un período inicial de dous (2) anos, prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de catro (4) anos, salvo renuncia ou denuncia das partes, en cuxo caso a autorización finalizará transcorrido un mes dende a recepción da correspondente comunicación; aos solicitantes que se relacionan a continuación, segundo se establece no Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Rato, 6ª Fase.

ASIGNACIÓN DE HORTOS URBANOS NO PARQUE DO RATO (6ª FASE)			
NOME E APELIDOS/RAZON SOCIAL	HORTO	NOME E APELIDOS/RAZON SOCIAL	HORTO
ABDELOUHAB MATAMI ERRADOVANI	62	MANUEL JESÚS BARREIRA PAZ	50
ÁGATA MICAELA TUBIO LAGOS	21	MANUEL RODRÍGUEZ VARELA	11
ALBA GARDES CASTELLANOS	113	MARÍA ANGEL PEREZ RODRIGUEZ	8
ALBA LÓPEZ PAZ	91	MARÍA CARMEN DÍAZ FERNÁNDEZ	84
ALFONSO LÓPEZ CARRICHES	38	MARÍA DEL CARMEN GOMEZ PARDO	103
ALFREDO LIZ BUSTO	66	MARÍA DEL CARMEN PENA RIVERO	32
ALICIA FERNANDEZ DIAZ	60	MARÍA DEL ROSARIO MARIN ARNES	69
ANA GUILLÉN GARCIA	68	MARÍA FÉ FERNÁNDEZ MUIÑA	5
ANA Mª CARBALLIDO FALCÓN	74	MARÍA FE GARCÍA CAMPOS	40
ANA MARIA SILVA ROMERO	104	MARÍA FERNANDA LOMBARDIA CRESPO	82
ANGELES MARTINEZ GAUTE	70	MARÍA HORTENSIA LENCE CORTIÑAS	6
ANTONIO ÁLVAREZ LÓPEZ	13	MARÍA ISABEL CASTRO ARZA	106
ANTONIO GONZALEZ LOPEZ	86	MARÍA JOSE BARRIO CALDERON	142
ARACELI FERNÁNDEZ MÉNDEZ	88	MARÍA JOSE VILAR MÉNDEZ	72
ASOC. ALUME SAUDE MENTAL	89	MARÍA LUZ DIAZ GRANDAS	100
ASOCIACIÓN CAPACES LUGO	2	MARÍA PAZ CASTRO VÁZQUEZ	22
BEATRIZ MORENO TORRES	134	MARÍA SABELA LUENGOS GARCÍA	102

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verfirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	51/73



ASIGNACIÓN DE HORTOS URBANOS NO PARQUE DO RATO (6ª FASE)			
NOME E APELIDOS/RAZON SOCIAL	HORTO	NOME E APELIDOS/RAZON SOCIAL	HORTO
BEATRIZ SÁNCHEZ LEGIDO	58	MARIA TERESA BELLO DÍAZ	51
CARLOS FERNÁNDEZ DOMINGUEZ	24	MARIA TERESA LOPEZ LOPEZ	96
CARLOS VARELA VAZQUEZ	4	MARIA TERESA TOME DOMINGUEZ	9
CAROLINA PEREZ PEREZ	1	MARINA MENDEZ MALLO	54
DELIS REGLA PARDO SUAREZ	35	MARTA GARCIA SESTELO	53
DIEGO JOSE SALGADO RODRIGUEZ	14	MERCEDES PÉREZ RIGUEIRO	42
EMILIO ARIAS ARIAS	107	MIGUEL ÁNGEL CURIEL NÚÑEZ	98
FATIHA ED DERNI	136	MIGUEL IRIARTE LÓPEZ	7
FLOR MARIA PEREZ RODRIGUEZ	52	MÓNICA GONZÁLEZ MARTÍNEZ	3
FRANCISCO PIN GONZALEZ	120	NIEVES ALVAREZ LLANO	27
GABRIEL GÓMEZ FERNÁNDEZ	97	NOELIA MATO FIEIRAS	99
GLADYS ALEJANDRA RODRIGUEZ RICO	137	OLGA LOPEZ MARTINEZ	109
GUILLERMO FERNÁNDEZ BLÁZQUEZ	93	OSCAR VILARIÑO RAMOS	81
HUMBERTO MELÓN TRAVIESA	83	PATRICIA FERNANDEZ ALVAREZ	94
ISOLINA RODRÍGUEZ LÓPEZ	121	PATRICIA SEIJO LOPEZ	57
JAVIER LIZ DIAZ	15	PAULA RODRIGUEZ DONO	30
JAVIER OTERO RODRIGUEZ	29	RABIA FTOUH ESSHAIBI	128
JOAQUÍN LÓPEZ PÉREZ	41	RAMIRO LUGILDE SANCHEZ	79
JOSE MIGUEL RICO NOCEDA	34	RAQUEL LOPEZ CASADO	63
JOSE PEREIRA BARRONCAS DA COSTA	49	ROBERTO DE FRANCESCO	85
LAURA ALVAREZ GONZALEZ	114	ROBERTO GARCIA FERNANDEZ	95
LAURA ARROYO GARCIA	28	RODRIGO RODRIGUEZ GONZALEZ	12
LIDIA OSORIO CASTELAO	39	SERGIO LLENDERROZAS GONZÁLEZ	71
LUIS CARLOS ESCUDERO VILARIÑO	65	SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS	17
LUIS GUDE SÁNCHEZ	37	TAMARA VIÑA ZAS	26
Mª BERTA FERNÁNDEZ ABELAIRAS	43	VISITACION MALLO FERNANDEZ	78
Mª CELIA LÓPEZ GARCÍA	20	XABIER GÓMEZ SANTISO	101
Mª JESÚS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	19	BALEIRO	

3º.- Notificar aos candidatos indicados no punto anterior, o outorgamento de autorización de uso dos hortos e a convocatoria para a sinatura do documento administrativo de autorización de uso do dominio público, segundo se dispón no punto 8.4 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Rato, 6ª Fase.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADQUISICIÓN DOS DEREITOS DA AUTORÍA DA EXPOSICIÓN E CATÁLOGO DE ROSALÍA DE CASTRO: “PROCLAMAR AO MUNDO QUE GALIZA EXISTE” REALIZADA POLA ASOCIACIÓN VÍA GALEGA PLATAFORMA PARA A DEFENSA DOS DEREITOS NACIONAIS DE GALIZA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verfirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	52/73





“Á vista da incoación do inicio da tramitación do procedemento para a adquisición dos dereitos da autoría da exposición e catálogo de Rosalía de Castro: Proclamar ao mundo que Galiza existe realizada pola Asociación Vía Galega Plataforma para a Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza seguido no expediente número 2025/XEN_01/000160 e asinada o 17.01.25 baixo o CSV IV7VZXCJN5GLLLUSAVGEAATWE4 pola Xerencia da Rede Museística Provincial e conformado pola Deputada Delegada da Area de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística na que, ademais de xustificar o seu orzamento e revela o seu apoio ao proxecto de realización da exposición e a cesión dos dereitos para a súa execución, sinala:

“A exposición propón un achegamento innovador e de grande interese cultural e social á figura de Rosalía de Castro, poñendo en valor o seu legado como símbolo da identidade galega e do recoñecemento de Galiza como unha realidade cultural, social e política no contexto mundial.

Este proxecto é particularmente relevante para os concellos da provincia, ao tratarse dunha figura de referencia para a nosa memoria histórica e literaria, así como para a promoción da lingua e da cultura galega. A súa temática encaixa plenamente nos obxectivos estratéxicos da Rede Museística Provincial e da Deputación de Lugo, que buscan fomentar o coñecemento do patrimonio cultural galego e promover actividades de calidade que reforcen o sentido de pertenza e a identidade local”.

Tendo en conta que a finalidade do presente procedemento é a adquisición onerosa dos dereitos da autoría da exposición e catálogo de Rosalía de Castro: Proclamar ao mundo que Galiza existe -que comprende os textos dereitos de imaxes e deseño- para a súa reprodución e distribución pola provincia de Lugo durante un período de tres anos.

Visto que forma parte do expediente unha declaración de autoría asinada o 14.01.25 por Xesús Eladio Seixo Fernández na representación de Vía Galega, Plataforma para a defensa dos dereitos nacionais de Galiza baixo o CSV IV7VZXC3LW277GOUVXSILZVIY que expresa: “A Exposición Rosalía de Castro: proclamar ao mundo que Galiza existe” é de autoría propia de Vía Galega e que dispón de todos os dereitos.

Así mesmo, inclúe un compromiso do 15.01.25 e CSV IV7VZXC3LW277GOUVXSILZVIY a favor desta Deputación de Lugo e en particular dirixida á Rede Museística no que expresa a cesión dos dereitos de reprodución e distribución pola provincia de Lugo durante os tres anos estaría incluído o catálogo listo para a súa impresión e distribución e e cuantifica o importe total de cesión dos

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	53/73



dereitos da exposición e catálogo (textos, dereitos de imaxes e deseño) en formato dixital preparado para a impresión e co logo da Deputación nun total da cesión polos tres anos con IVE incluído en 5.808,00 € (4800 + 1.008 IVE).

A Consignación Orzamentaria que a Intervención Provincial asina con data do 20.01.25 baixo o CSV IV7V27SDB3R3LZOTA4NWC17R6Q atende as particularidades dos gastos plurianuais e resultará financiado segundo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2025	3330.209	1.936,00	22025/753
2026		1.936,00	220259/1
2027		1.936,00	220259/1
SUMA		5.808,00	

A Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio asinan un informe sobre o réxime xurídico e tramitación da adquisición e das súas disposicións reguladoras o 07.03.2024 baixo o CSV IV7SWXYCHNMOJTM62IY4GUHSMU que conclúe que o presente procedemento conducente á adquisición para as anualidades 2025-2026-2027 dos dereitos da autoría da exposición e catálogo de Rosalía de Castro: Proclamar ao mundo que Galiza existe realizada pola Asociación Via Galega Plataforma para a Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza e do seu prego reitor adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á aprobación da Xunta de Goberno (Base 19ª de execución do orzamento provincial xeral vixente relativo aos Gastos Plurianuais).

Visto o informe de conformidade de Fiscalización/ Intervención provincial asinado o 11.03.2025 baixo o CSV IV7SWKK4HJOLLCB3S5UXGDR74M.

Polo exposto, coa finalidade de adquirir para as anualidades 2025-2026-2027 os referidos dereitos da autoría propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar a adquisición para as anualidades 2025-2026-2027 dos dereitos da autoría da exposición e catálogo de Rosalía de Castro: Proclamar ao mundo que Galiza existe realizada pola Asociación Via Galega Plataforma para a Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza e polo que se estipula como contraprestación total 5.808 € (IVE incluído) e distribuído en tres anualidades.

2º.- Aprobar o texto do Acordo no que se incorporan as disposicións reguladoras da referida adquisición.

3º.- Formalizar en documento administrativo a presente adquisición mediante a sinatura do referido acordo.

4º.- Aprobar o gasto por un importe de 5.808 € (IVE incluído) distribuído segundo a seguinte táboa:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	54/73





ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2025	3330.209	1.936,00	22025/753
2026		1.936,00	220259/1
2027		1.936,00	220259/1
SUMA		5.808,00	

5º.- O gasto financiarase con cargo as anualidades 2025, 2026 e 2027, para a anualidade 2025 figura crédito adecuado e suficiente na aplicación sinalada do orzamento 2025, e para as anualidades 2026 e 2027 a Deputación de Lugo adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026 e 2027 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DENTRO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, ANUALIDADE 2025.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincial de Lugo, na anualidade 2025, dende á Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

“Antecedentes de feito.


Primeiro.- Tal e como reconece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

(...).

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	55/73



actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

(...).

Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, o Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:

Mellora da competitividade das granxas e explotacións agrogandeiras, dos seus produtos e dos seus respectivos transformados ou elaborados.

Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.

Promoción de accións encamiñadas a que os mozos do rural adquiran unha maior autoestima.

Dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos agricultores, con visitas guiadas dos rapaces das escolas, para que poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria.

Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións agrarias artesanais e/ou tradicionais, que permitan xerar ingresos por rendas complementarias ao fronte das granxas.

Redución ou minimización dos problemas da crise demográfica existentes en gran parte do territorio rural da Provincia, que estean ligados ás limitacións na xeración de valor pola agricultura e a gandería e que precisan dunha diversificación e xeración de novas actividades nestas zonas.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	56/73





Desenvolvemento de vínculos entre o mundo do traballo, a educación e a formación, o que garantirá a incorporación de novos agricultores e gandeiros.

Apoio ás accións formativas específicas das profesións relacionadas cos sectores citados, que contribúan á promoción do relevo xeracional.

Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2025, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincial de Lugo, anualidade 2025, para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude e xustificación.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

“A educación ambiental propón un gran obxectivo para a escola: capacitar aos nenos e nenas na análise da súa realidade e actuar de forma reflexiva, valorando a repercusión das accións no medio”.

Esta declaración de Alejandro Tiana Ferrer, Secretario de Estado de Educación, é unha clara expresión do valor e o papel que a educación ambiental desempeña a nivel global na nosa sociedade e, en especial, na mocidade. Neste particular, resulta indispensable o traballo fóra da aula para que as novas xeracións comprendan e se sensibilicen coa realidade actual.

Asemade, non hai dúbida de que unha visita a unha granxa é un excelente recurso educativo, xa que ofrece un gran valor social e didáctico, mediante a realización de actividades axeitadas e adaptadas aos/ás nenos/as, desenvolvendo varios dos obxectivos propostos na educación infantil.

As ditas visitas son moi beneficiosas, xa que nelas pódense experimentar, en primeira persoa e de xeito impactante, moitos aspectos da contorna natural e dos seres vivos que nos rodean. O/a neno/a ve de primeira man todo o que desde a escola non pode aprender sen unha experiencia de observación na que entra en contacto directo coa realidade.

Polo tanto, a realización dunha saída a unha granxa resulta interesante, relevante e beneficiosa para o alumnado, podéndolle amosar e facilitándolle coñecer o seu propio medio, as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	57/73



viven nela, o seu comportamento e os seus coidados, así como coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural.

Por maior abastanza, nun contexto como o actual, condicionado pola crise da Covid-19, resulta fundamental darlle apoio ao sector primario mediante a posta en valor e a promoción dos produtos de proximidade e de calidade que xeran, como estratexia para avanzar cara a unha meirande soberanía alimentaria.

A educación e concienciación dos/as nenos/as e mozos/as tamén encaixa dentro deste obxectivo, achegándoos a contornas onde se realizan actividades agrícolas e gandeiras, permitíndolles un maior coñecemento e valorización do sector primario, así como das producións locais.

Doutra banda, a diversificación da obtención de ingresos co desenvolvemento de actividades educativas por parte das explotacións agrarias é outro dos obxectivos da política agraria europea, coherente á súa vez co obxectivo de diversificar e complementar a oferta das explotacións, a través de subprodutos e a vinculación do sector coa paisaxe e o turismo.

Por estas razóns, resulta fundamental a existencia de explotacións agrícolas e gandeiras que aborden tarefas de educación da poboación provincial, e mesmo se especialicen nese labor, constituíndose en elemento de unión do rural coa mocidade, dedicadas a ofrecer servizos educativos relativos ás actividades agropecuarias vencelladas ao sector primario da provincia de Lugo.

Asemade, a comunidade educativa demanda a diversificación dos servizos ofrecidos, de xeito que se constitúan en elemento innovador para dotar aos docentes de ferramentas axeitadas e subministren aos mozos unha formación motivadora e de calidade. Ademais, os servizos dirixidos á comunidade educativa adoecen dun custo ás veces demasiado elevado, o que pode determinar un prezo do servizo disuasorio para os grupos de escolares.

Ademais disto, existe unha idea negativa respecto aos espazos rurais, promovéndose a idea xeral de que os/as mozos/as teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permiten dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen e afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2023 a 2025, ten por obxectivo específico a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: “educación e a concienciación, por ser un aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, preténdese inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as,

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	58/73





para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras”.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2024, a terceira edición do Programa “Da escola á granxa”, para apoiar a organización de actividades e visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo; e procédese á publicación do texto íntegro das bases canalizadoras de subvencións e á publicación da súa convocatoria, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.”

Fundamentos de dereito.

I. Normativa aplicable.

As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (no sucesivo, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (no sucesivo, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL).

O Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (no sucesivo, TRLRFL).

A normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, art. 87 a 89).

Real Decreto 1755/1987, do 26 de decembro, e disposicións concordantes.

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (no sucesivo, RODPL).

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	59/73



As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. As Bases reguladoras das subvencións.

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

“Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como establece o artigo 9.2 da dita Lei.

Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”


A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:

- 1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.
- 2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.

Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que “os órganos concedentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	60/73





Á mesma conclusión se chega da lectura do artigo 20.2.a) da LSG, consonte ao cal a convocatoria dos procedementos de concesión de subvencións conterà, entre outras, “indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que estea publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria”.

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa “Da escola á granxa” esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición precisa do obxecto da subvención.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
- c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
- e) Procedemento de concesión da subvención.
- f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.
- g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.
- h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
- i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.
- j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	61/73



m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condición tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.

p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.

q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.

Con todo, é criterio desta entidade o de denominar ás normas reguladoras das subvencións Bases canalizadoras, polo que ás Bases que aquí se informan atribúeselles esa denominación.

III. Procedemento de concesión.

Consonte ao artigo 19.2 da LSG, “as bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei”.

Asemade, o artigo 22 da mesma Lei establece que “as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no artigo 19.2 da presente lei poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formulase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá en ningún caso o órgano avaliador ao que se refire o artigo anterior.

Ao abeiro do citado artigo, sendo que a concesión das subvencións realizarase en función da orde de presentación das solicitudes e atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, o procedemento de concesión das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	62/73





IV. Convocatoria das subvencións.

En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.

m) Prazo de xustificación da subvención.

n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).

(...).

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	63/73



5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).

No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes, posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

V. Requisitos para o outorgamento das subvencións.

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) A competencia do órgano administrativo concedinte.
- b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.
- c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
- d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- e) A aprobación do gasto polo órgano competente.”

Neste senso, a Base 24^a.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2025 establece que “o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”

No expediente consta certificación, emitida dende a Sección de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente, na correspondente aplicación orzamentaria, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1^a do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

VI. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexítima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

“Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

- d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.”

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	64/73





A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que “os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.”

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2.1, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.

(...).

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.”

VII. Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, o órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.

VIII. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa.

A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta, en primeiro lugar, que no PES está establecida unha contía mínima das subvencións de 300 €.

Por outra banda, no que á contía máxima se refire, hai que ter en conta que os prezos das visitas ás explotacións incluídas no Programa oscila entre os 550 e os 600 €. A este custo hai que engadirlle o de transporte, dende o centro escolar ata a explotación, que, en función da distancia entre eles, pode superar os 400 €. Polo tanto, sendo que a entidade beneficiaria das subvencións terá que financiar, como mínimo, un 5% do custo da actividade subvencionable, establécese unha contía máxima das subvencións de 1.000 €.

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	65/73



IX. Xustificación das entidades incluídas no anexo IV das Bases que se informan.

Dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo mantense un contacto continuo cos produtores do sector primario provincial, a través das asociacións con maior representación neste ámbito.

Co obxecto de asegurar a maior eficiencia na utilización dos recursos públicos e de acadar con plenitude os obxectivos perseguidos coa posta en marcha do Programa “Da escola á granxa”, realizáronse consultas ás ditas asociacións coa finalidade de coñecer as explotacións e entidades mellor capacitadas para a organización de visitas e/ou o desenvolvemento de obradoiros e xornadas divulgativas, primando, ante todo, a calidade das actividades a realizar.

Tamén se procurou non excluír nin prexudicar ou limitar a ningún centro escolar por razón da súa localización xeográfica no ámbito provincial.

De todo elo derivou unha relación de explotacións e entidades que garanten o cumprimento dos citados obxectivos, e coas que se mantivo un contacto individualizado a efectos de coñecer en profundidade as actividades ofrecidas por cada unha delas e a súa calidade.

En definitiva, escolléronse produtores e entidades de referencia no seu ámbito, así como con experiencia na organización de actividades con escolares, que, ademais, estiveran distribuídos equitativamente por toda a Provincia, de xeito que a distancia ás distintas explotacións non fora impedimento para que ningún centro escolar se acollera ao Programa.

Tamén se procurou dispoñer dunha oferta formativa variada, incluíndo a produtores de distintos ámbitos do sector agrícola e gandeiro, tales como a produción de froitos tropicais, faba de Lourenzá, produtos lácteos, mel, castañas, ovos, gando ovino, vacún, cabalar, cabrún, porcino e aviar.

Asemade, ao obxecto de non excluír nin prexudicar ou limitar aos centros escolares con dificultades para a realización de desprazamentos, engadíronse entidades capacitadas para a realización de obradoiros e/ou xornadas divulgativas nos propios centros escolares, tamén con experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións.

As ditas explotacións e entidades figuran no anexo IV da convocatoria que se informa.

Por todo o exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo, na anualidade 2025, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2025.

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo.”

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	66/73





4º.- A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025.”

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre as bases e os modelos de solicitude e xustificación que rexerán a citada convocatoria.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o 13 de marzo de 2025.

Por todo o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo, na anualidade 2025, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2025.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.”

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ANEXO 3. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ORZAMENTO DE GASTOS, DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	67/73



SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2025.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Primeiro.- Visto que Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, prestoulle aprobación ás bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2025, do gasto e dos modelos de solicitude e de conta xustificativa, e cuxo extracto de convocatoria e respectivo anuncio da Área de Deportes se publicaron no BOP nº 55 de Lugo de 8 de marzo de 2025.

Segundo.- Tendo en conta que nas referidas bases da convocatoria, punto 7. Importe e cálculo da subvención, determínase que o importe máximo de subvención que a Deputación Provincial poderá conceder será de 6.000,00 €.

Terceiro.- Á vista do erro material detectado no Anexo 3, declaración responsable de orzamento de gastos, aprobado no referido acordo de Xunta de Goberno de vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, consistente en indicar no “importe da axuda solicitada máximo 5.000,00 €”, cando o importe establecido nas bases aprobadas ascende a 6.000,00 €.

Cuarto.- Visto que de acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Quinto.- Visto que o erro material consistiu na mala transcripción no Anexo 3 da cifra de importe máximo de axuda que a entidade podería solicitar, respecto do recollido nas base da convocatoria e no respectivo extracto da convocatoria e anuncio da Área de Deportes publicados no nº 55 do BOP de Lugo, de 8 de marzo de 2025 e que por tanto se acredita que é patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non produce unha alteración fundamental no sentido do acto, procede corrixir o erro detectado.

Sexto.-Tendo en conta que a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto, neste caso a Xunta de Goberno. Á vista do informe do servizo de Deportes.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, proponlle á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Corrixir e emendar o erro sinalado no Anexo 3, declaración responsable de orzamento de gastos, do procedemento de concorrencia competitiva de subvencións

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	68/73





destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2025, aprobado no referido acordo de Xunta de Goberno de vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, no seguinte sentido:

Onde di (Anexo 3):

Importe da axuda solicitada (máximo 5.000,00 €)

Debe dicir (Anexo 3):

Importe da axuda solicitada (máximo 6.000,00 €)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA VIXILANTE MEDIOAMBIENTE DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que dona Ana María Viadé Borrego, vixilante medio-ambiente do Cadro de Persoal Funcionario, nacida o 26 de xullo de 1958, presentou instancia, con número de expediente 2024/PES_03/024453, de data 13 de decembro de 2024, na que solicita continuar coa prolongación da permanencia no servizo activo, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	69/73



Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguinte aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos.

En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, cabe referir que se ten producido un cumprimento da xornada positivo.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude está conformada polo Xefe do Servizo e do deputado delegado de Medio Ambiente, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:


Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona Ana María Viadé Borrego, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 27 de marzo de 2025 ata o 26 de marzo de 2026.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 237/2024.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	70/73





“No Procedemento Abreviado nº 140/2024-F seguido a instancia de Occident GCO SAU de Seguros y Reaseguros fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola entidade demandante o 28-02-2024 vía subrogación polo danos materiais sufridos no vehículo matrícula 7963-BBY, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo ditou a Sentenza nº 237/2024, de data 23 de decembro de 2024, cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo estimar y estimo íntegramente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de Occident GCO SAU de Seguros Y Reaseguros frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 140/2024 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que la declaro contraria a Derecho y la anulo; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la actora en la suma de 1.040,60 euros, más los intereses legales devengados desde el 24/04/2024. Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado. Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno”.

A devandita Sentenza foi aclarada mediante Auto de data 11-02-2025 en relación á condena de custas procesuais, nos seguintes termos:

(...)


En el fallo donde dice: *“Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado.”* debe decir: *“Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de trescientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado.”*

Mediante Dilixencia de Ordenación de data 19 de febreiro de 2025 declarouse a firmeza da devandita Sentenza.

Tendo en conta que a Deputación Provincial de Lugo ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, e constando certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da devandita cantidade comunicada polo Servizo de Intervención.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZB VIA	Página	71/73



1º.- O cumprimento da devandita Sentenza nos termos contidos no seu fallo.

2º.- Que se autorice o ingreso da cantidade de 300 euros en concepto de franquía na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo cos seguintes datos:

Nº de conta: ES55 0049 3569 92 0005001274

Concepto: 2310000094014024”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- *Dación de conta da sentenza nº 223/2024.*

Dase conta da Sentenza nº 223/2024, de 23 de decembro de 2024, ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado nº 39/2024, seguido a instancia de D. Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero fronte aos seguintes actos: “A) Resolución del presidente de la Diputación Provincial de Lugo de fecha 15 de diciembre de 2023, por la que se desestima el recurso de alzada interpuesto por el Sr. San Ildefonso frente a la resolución del tribunal de selección para el ingreso en la plaza de técnico de gestión, grupo A, subgrupo A2, concurso de méritos (estabilización Ley 20/2021 D.A. 6ª), por la que se establecen las calificaciones definitivas del proceso selectivo, con resolución de empates y propuesta de nombramiento” e “B) Resolución de la Junta de Gobierno Local de la Diputación Provincial de Lugo de fecha 12 de enero de 2024, por la que se procede al nombramiento de como funcionario de carrera a Dª Mercedes Santoalla Navia, en el proceso selectivo antes descrito”, e en cuxo fallo dí o seguinte:

“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con intervención en calidad de codemandada de Dª. Mercedes Santoalla Navia, seguido como proceso abreviado número 39/2024 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento de esta Sentencia, que lo declaro adecuado al ordenamiento jurídico. Sin expresa imposición de costas.” A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- *Dación de conta do decreto nº 7/2025.*

Dase conta do decreto nº 7/2025, de 6 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 298/2024-P, seguido a instancia de D. Jorge Arias Liz fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial, e en cuxa parte dispositiva dí o seguinte: *“Tener por desistido al recurrente Jorge Arias Liz declarando la terminación de este procedimiento. Firme la presente resolución, archivar las*

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBVIA	Página	72/73





actuaciones." Mediante oficio de data 6 de marzo dito Xulgado declara firme dita resolución. A Xunta de Goberno queda enterada.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Fecha y Hora	17/03/2025 20:13:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQ2L5NHWJ5L564ZXGOZBZIA	Página	73/73

